



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE XULLO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1940/2014.- ALEJANDRO VAZQUEZ VIGO.- Conceder a licenza para a legalización de muro de contención de cerrume de parcela sita na rúa Rial de Conxo (do), 35.

LIC/1563/2012.- ACELSINO VEIRAS SANTOS.- Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravames a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para construción dunha rampa de acceso ao local (sen uso específico) sito na rúa Concheiros (dos), 4.

LIC/757/2012.- JESÚS PENA NOYA.- Aprobar a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 30 de abril de 2014, segundo o proxecto básico e de execución modificado presentado na data 26.02.2015.

LIC/1691/2014.- GRUPO COMUNICACIÓN Y DISEÑO LÚDICA 7, SL.- Conceder o cambio de uso de oficina a vivenda do local sito na Praza Nosa Señora da Mercé de Conxo nº 10.

LIC/1096/2015.- MARIA NOYA NIETO.- Conceder a licenza para executar as obras de substitución de cuberta e rehabilitación de fachadas dunha vivenda unifamiliar sita en lugar de Marzo de Arriba, 6.

DESFAVORABLES

LIC/372/2015.- COMUCA, S. L.- Denegar a licenza para acondicionamento de parcela e montaxe de invernadoiro sito no lugar de Vixoi.

PARCELACIONES

LIC/642/2014.- JOSÉ LUIS IGLESIAS OTERO.- Conceder a licenza para parcelación dunha parcela sita no Lugar de Marantes nº 3.

RENUNCIA

LIC/1917/2010.- JOSÉ MANUEL GÁNDARA VILA.- Aceptar a renuncia á licenza de que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 18 de xaneiro de 2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Santa María de Vilvestro e declarar extinguida para tódolos efectos a licenza no seu día concedida.

DEVOLUCIONS DE FIANZA

LIC/1158/2015.- JAVIER MUJICO GARCIA.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/829/2008 relativas ás obras de construción dunha vivenda unifamiliar sita en Lugar de Pereiras de San Caetano (as), 14 A.

LIC/1152/2015.- OBRADOIRO INMUEBLES, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.200 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/498/2009 relativas ás obras de demolición parcial e rehabilitación do inmovible sito na rúa Sar, 37.

LIC/812/2015.- CONSTRUCCIONES RUAFER, S. A.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 6.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/114/2008 relativas ás obras de construción dun edificio de vivendas na rúa Josefa García Secret nº 7 – rúa Manuel Vázquez Cacharrón nº 8.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para legalización de muro de contención de cerrume de parcela sita na rúa Rial de Conxo (do), 35. (LIC/1940/2014).

Favorable.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravames da cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para construción dunha rampla de acceso ao local (sen uso específico) sito na rúa Concheiros (dos), 4. (LIC/1563/2012).

Favorable.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 30 de abril de 2014, segundo o proxecto básico e de execución modificado presentado na data 26.02.2015. (LIC/757/2012).

Favorable.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión do cambio de uso de oficina a vivenda do local sito na Praza Nosa Señora da Mercé de Conxo nº 10. (LIC/1691/2014).

Favorable.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de substitución de cuberta e rehabilitación de fachadas dunha vivenda unifamiliar sita en lugar de Marzo de Arriba, 6. (LIC/1096/2015).

Favorable.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para acondicionamento de parcela e montaxe de invernadoiro sito no lugar de Vixoi. (LIC/372/2015).

Desfavorable.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para parcelación dunha parcela sita no Lugar de Marantes nº 3. (LIC/642/2014).

Favorable.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da renuncia á licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 18 de xaneiro de 2011 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Santa María de Vilvestro e declarar extinguida para todos os efectos a licenza no seu día concedida. (LIC/1917/2010).

Aceptada.

10.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas a devolución de fianzas.

Aceptadas tres devolucions de fianza.

11.- Devolución de fianza en materia de contratación.

Apróbase a devolución dunha fianza.

12.- Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes.

Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante concurso aberto, do devandito servizo, cun tipo de licitación de 140.124,09 euros máis IVE

13.- Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase prorrogar o devandito contrato coa empresa Servicios Gallegos de Lacería, S.L. polo prazo dun ano, a contar dende o 8 de agosto, por un importe de 44.757,81 euros.

14.- Proposta do alcalde relativa ao inicio de expediente de revisión de demolición da casa da xuventude.

Acórdase paralizar os procedementos dirixidos ao derrubo da Casa da Xuventude e iniciar o expediente de desestimento do contrato de demolición, e revisar as diversas alternativas cara a tomar a decisión máis conveniente para o interese público, con pleno respecto á normativa legal aplicable e aos principios de transparencia e participación.

15.- Proposta do alcalde relativa á resolución do III Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.

Resólvese o devandito concurso, dando conta da decisión do xurado.

16.- Proposta do alcalde relativa á resolución da II convocatoria do II concurso de Vídeo-Creación para centros de ensino.

Resólvese o devandito concurso, dando conta da decisión do xurado.

19.- Proposta da concellería de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento do IV Circuito de Carreiras Saudables, "Corresán".

Apróbase o texto do devandito convenio, en virtude do cal o Concello realiza unha achega de 10.000 euros.